

“O MISTERIO DA CUQUEIRA”

PRESENTACIÓN

ENTRAN DÚAS MULLERES NA SALA CON AMBOS VASOS DE CERVEXA E FALANDO

AMELIA.-Aquí estaba a biblioteca do incendio que arrasou a Cuqueira

MATILDE.-Otero na novela dí que foi intencionado, sen saber ben o porque, e a señora do pazo, solteira e guapa salvouse e logo vendeu a terra

AMELIA.-Si, aos frailes de Oseira, foi a eles quen lla comprou meu avó. Os xornaleiros dos frades facían aquí o viño, na Cuqueira, e parecéndolles esaxerado o que se levaban os curas....cando un frade veu cobrar os tributos, matárono nesta mesma sala

MATILDE.- Si, tamén o reflexa Otero na novela

AMELIA.-A miña avoa contaba que nese tempo, unha muller da aldea fora asasinada dun xeito misterioso

MATILDE.- Logo a novela está baseada en feitos reais?

AMELIA.- (*PENSATIVA*) A Cuqueira algo ten (...) Eu perdín un fillo de 11 anos aquí tamén , nesta sala

MATILDE.- Que dis??!!!

AMELIA.-Fai 19 anos, estaba xogando(...)Cando o atopamos tirado(...)xa no puidemos facer nada

MATILDE.- (*ESTUPEFACTA*) Que horror! (...)

SILENCIO

AMELIA.-Encántame que adaptes ao teatro a vocación de Adrian Silva

MATILDE.-Un bo amigo chamado **A dri án** suxeríume, e.. gustoume

AMELIA.-Síntoo tan nosa.... Inda que eu entereime da súa existencia pola prensa, cando a reeditaron na Deputación, meus pais nunca falaran dela, (...) pero buscando pola casa atopeina

MATILDE.- (*SORPRENDIDA*) Que curioso!!

AMELIA.-(*ENSINA A NOVELA ADICADA*) E tanto!! E mira, está adicada a miña avoa Amelia (*LENDO*) “**Para Amelia, musa de la Cuqueira**” . Eran grandes amigos dende nenos, El viña de cotío pola Cuqueira, gustáballe moito.

MATILDE.-Nótaselle, descríbea con moito encanto e reflexa o sentir fantástico da nosa terra (...)

AMELIA.-Teño un fillo galeguista que lle parece estupendo que a traduzas ao galego.

MATILDE.-A ver que sae (...) Viñen na época da vendima cos actores a coñecer o lugar, e son tantas as sorpresas e coincidencias. Mezclan pasado, presente, superstición e nigromancia (...)

AMELIA.-Ven, vouche ensinar os lugares nos que se desenvolve a acción.

DIRÍXENSE CARA A SAIDA

MATILDE.-Que ti te chames Amelia, como a túa avoa, igual que a protagonista, que tamén sexades dúas as propietarias actuáis da Cuqueira, que perderas ao teu fillo neste Pazo, que te coñeza precisamente hoxe, aquí na Cuqueira, no día dos defuntos, o eixe da trama da novela (...) É algo curioso, transcende, supera os límites da trama misteriosa da novela.

AMELIA.- Eu léoa tódolos veráns, cando veño de Madrid

MATILDE.-É tan densa que sempre descubres algo novo.

AMELIA.- As primeiras liñas seinas de memoria *VAN SAINDO*

AMELIA-OFF.-En la vieja ciudad episcopal de Auria, sonaron las campanas de la Catedral, de Santa Eufemia, de la Trinidad. Adrián Silva entre velo y sueño, dilataba el despertar complacido en el nuevo acento de los bronces

I ACTO: DE AURIA A CUQUEIRA

1ª ESCENA: CASA DE DON BERNARDO

1ºTp. Quen é Adrián?

SOAN AS CAMPÁS DA CATEDRAL

NAIRDA.-*ENTRA pondo os pantalóns*) Adrián espabila. (*MIRA POLA FIESTRA*) Que o Sol xa está nos altos (...) Hai neboa e resío nas vides (...) (*INSPIRA PROFUNDAMENTE*)

ADRIÁN.-*ENTRA pondo a sotana* (*MIRA POLA FIESTRA pegadiño a Nairda*) Adrián , como é que o meu espírito esperte antes co meu corpo ?! É que este penetrante aroma dos fornos de outono, non me espreguiza

NAIRDA.-Por que hoxe non saltas decidido do leito, como facías no verán?! (...) É algo en ti desusado e perigoso

ADRIÁN.- Co verán acábanse as vacacións na casa da Pousada, as plácidas lecturas na viña, Aquela cepa de branco esquecida na vendima....

NAIRDA.-E a tentación de saborear as súas voluptuosas e apertadas uvas (...) Os minutos que pasas soñando foxen deixando unha morriña, de algo que nunca poderá ser recobrado

ADRIÁN.-Algo sutil e enervante merma a miña lúcida vontade, (*AXEÓNLLASE NO RECLINATORIO*)

NAIRDA.-Unha mañá moi próxima seras sacerdote, profesor de filosofía no seminario, se cadra chegas a te sentar nun sillón do coro da Catedral de Ourense....

ADRIAN.-E despois dos oficios volvería co paso, cada ano máis lento, a casa da Viña da Pousada (...) Lería con outra calma, recordaría relendo os mesmos libros *INTENTA REZAR NO RECLINATORIO*

2ºtp. A encomenda de Dn.Bernardo

ENTRA MANOLA CO CHOCOLATE POUSSAO, ABRE A FIESTRA

BALBORDO DE MERCADO.

MANOLA.- Pois si que hai hoxe xente na praza da verdura (*CHAMA A ADRIÁN*)

Siñoritiño, xa que hoxe non vai cedo a Misa, veña a almorzar co señor Bernardo e D. Santiago, que xa agarda o chicolate (*SAE*)

ENTRAN D.BERNARDO E D.SANTIAGO, MIRAN POLA FIESTRA

D.SANTIAGO.-Esta algazara das vendedoras esperta a mañán!

D. BERNARDO.- Hai poucos anos nesta Praza da Verdura, reinaba un silencio de morte. Era o Atrio de Sta. María Nai. Inda baixo o pavimento dormen os osos de moitas xeracións de veciños *PECHA A FIESTRA*

MANOLA.-(*ENTRA*) Hoxe disgusta a veciñanza dos mortos e bótanse moi lonxe das portas da cidade, como se iso aumentara a seguridade e o encanto da vida

SENTAN Á MESA, CHOCOLATE E BISCOITOS DE MONFORTE.

ADRIAN.- (*ENTRA*) Bo día! Que sorpresa D.Santiago, vostede por aquí?

D. SANTIAGO.- D. Bernardo convidoume a almorzar

D. BERNARDO.-Así é sobriño, vouche pedir unha encomenda, e que terás que sacrificarte un pouco por min

ADRIAN.-D.Bernardo, o que faga falla, todo o que fai pola nosa familia non hai xeito de pagalo.

D. BERNARDO.- Parvadas! (...) E quero que Don Santiago, como presbítero do Seminario e confidente teu, estea presente na conversa

MANOLA.-(*OFRÉCELLES BISCOITOS, A D. SANTIAGO*) Están moi bos, son biscoitos de Monforte (*A ADRIÁN*)

D. BERNARDO.- Non sei se che teño falado do pazo da "Cuqueira"

MANOLA.-No Souto do Río, nas ribeiras do Miño, a dúas leguas aquí.

D. BERNARDO.- Pois ben, pertence aos Srs. do Dubra, familia amiga e pouco afortunada

MANOLA.-Só quedan a viuva, Da. Lorenza, e a filla, non si?

D. BERNARDO.-Si. Viven en Santiago e raras veces veñen por Ourense

MANOLA.-E cando o fan , sempre quedan na casa da Fontela nos chaos de Amoeiro, a legua e pico da ribeira de Santa Cruz

D. BERNARDO.- Si (...) O caso é que queren véndela pero téñena abandonada nas mans de descansados administradores

MANOLA.- A señora do único que se preocupa é de casar ben a filla

D. BERNARDO.-Como son o seu letrado, encargáronmo o asunto pero eu non podo abandonar o despacho. (...) Por iso irás ti.(...) É necesario ver como está a finca, pór en regra seus dereitos...

MANOLA.-E recoller a actual colleita que asómbrese, inda está nas cepas!

ADRIAN.-A mediados de outubro sen vendimar?!

MANOLA.- Iso xa di moito de cómo estará aquilo (*RECOLLENDO*) .

D. BRNRD.-Móstrate firme nos marcos dos lindes. E non te fies nin dos caseiros nin do Sr. Abade

MANOLA.- Faga caso serito. a xente do campo élle outro conto! (*SAE*)

D. BERNARDO.- Ben , eu teño que atender o despacho, poden vostedes quedar aquí e parolar(*SAE*)

3ºTp. Consellos de Castidade

D. SANTIAGO.- Querido Adrián véxote inquedo e distraído. (...)

ADRIAN.-Estou sorprendido e asustado, nunca saín de Auria, o máis lonxe que teño estado é, na viña da Pousada e no Montealegre

D. SANTIAGO.- Chegouche a hora (...) Atravesas unha etapa perigosa. Todos os sacerdotes pasamos por ela (...) e temos sofrido moito. O mundo do diablo gusta de presas brillantes, e ti es intelixente, rico, ilustrado....., o mellor do seminario!

ADRIAN.- Voume ruborizar D. Santiago

D. SANTIAGO.- A túa vocación e o teu amor o estudo, marcaron o teu destino : unha brillante carreira!

ADRIAN.- Tal extraordinario beneficio, asústame! (...) e mais dunha vez pedinlle ao Señor , me dispense unha proba heroica

Dn. SANTIAGO.- Sei ben que a vanidade non vai ser a fonte dos teus pecados, asústame outra en grao sumo

ADRIAN.- Cal é esa malvada paixón que vós descobre en min?

D. SANTIAGO.-Combáteche dende fai tempo! Enfeitízache a beleza dunha tarde..., o rumor das fontes..., inda que sabes da futilidade do mundo, a túa sensibilidade deixase envolver por el.

ADRIÁN.- D. Santiago, coñéceme ben. (...) A vocación á pureza do sacerdocio e a beleza sensitiva do mundo , son enerxías fundamentais para min e non logro concilíalas na miña personalidade

D. SANTIAGO.- O amor da beleza queimao!! Será a túa renuncia, non leas as Bucólicas, (...) S. Agustín, meditación e sacrificio, Adrián *SAE*

4ºTp. Alcoba-Soño

ADRIÁN AXEÓNLLADO NA SÚA ALCOBA, ENTRA UNHA TENTADORA MULLER, ADRIÁN A SEGUE, AO IR TOCALA DESAPARECE.

ENTRA NAIRDA ESTÁTICO VESTIDO DE NEGRO, ZAPATOS NEGROS

ADRIAN.- Cando logre desprenderme desta túnica de negrura e morte e destes escuros e pesados zapatos que se adhíren ao chan.....Voarei, cara arriba , fermosa profundidadee perdereime en ti

2ªESCENA: ADRIÁN ENTRA NA CUQUEIRA

1ºtp. Camiño da Cuqueira

GUÍA.-Xa pouco falta señorito, (...) Aquí onde me vé, eu xa percorrín moito mundo, andei por tódolos pobos e rectorais dos montes, ata cheguei a Sanabria, (...)

SUBEN AS ESCALEIRAS, E XA NO ESCENARIO .-Práceme camiñar, e inda que moitas noites teñen xeados sobre a miña cabeza, non lle temo ao risco e gústame a aventura

PASAN 3 MOZAS TURBADORAS MIRAN INTRIGADAS, ADRIÁN TAMÉN AS MIRA ABSORTO

ADRIAN.-Andar polo campo é novo para min, ata se pode percibir entre as fragancias dos loureiros e das xestas o olor dos penedos , ...

GUÍA.-É perigoso, inda de día, cruzar estes montes solitarios, están habitados por familias de lobos. Non o esqueza, señorito

GUÍA.-Xa estamos no pazo da Cuqueira (...)

CASEIRO.-*ENTRA EN ESCENA*.- Benvido Señorito. Facundo, para servirille. Está todo disposto para a súa estancia na Cuqueira,

DESPÍDENSE DO GUÍA, QUE SAE POR ONDE ENTROU

CASEIRA.-*ENTRA EN ESCENA* Benvido señorito, Filomena, para servirille *COLOCA A MESA NO CENTRO DA ESCENA , LOGO O MANTEL E A COMIDA MENTRES VAI FALANDO (...)* Virá canso e con fame, agora servireille a comida, e a súa alcoba espéran na adega pequena, ao carón desta

2ºTp. Comida na Pazo

CASEIRO.-*MOVENDO AS CHAVES* Vostede dirá se lle gustan mellor outras habitacións

CASEIRA.- Nós nunca entramos nelas.

CASEIRO.-Hai tres vendimas que non entra o aire nos salóns do pazo, e dende que marcharon os frades non se misa na capela. Logo de comer, se gusta, pode percorrer o pazo,

CASEIRA.- Din que é de moita nobreza e antigüidade, pero a min, inda que fora señora non me gustaría vivir nas súas salas.

ADRIÁN.-*PÁSMASE COA A EMPANADA E O VIÑO NA MESA*, Non esperaba unha comida tan opulenta

CASEIRA.-A empanada e o viño son regalo do señor abade da parroquia, pois o noso caldo de verzas e as nosas uvas, inda que son das mellores do Ribeiro, non son digna sobremesa dun Señorito.

ADRIAN.- Estimando moito a fineza do señor abade, non desexo aceptar regalos. Gústame a comida sinxela, tomarei unha cunca dese caldo e un acio desas uvas

CASEIRA.- *SORPRENDIDA* O que vostede diga, señorito *SAE*

3ºTp.A empanada

NAIRDA.-*ENTRA* Debes disciplinar a espontaneidade dos teus sentimentos, e cos extraños e inferiores, cortesía e caridade, pero nunca confianza

MIRA A EMPANADA CON AVIDEZ , PRÓBAA) -EXQUISITA

ADRIAN.- *MIRA A EMPANADA CON AVIDEZ-PRÓBAA*) RIQUEZÍSIMA!

MIRÁNDOSE COMPLICES PROBAN o VIÑO

E SEGUEN COMENDO CON MOITA COBIZA

NAIRDA.-Tremendo ridículo , cando vexan que non esperache polo caldo! (...) Antes da noiteña saberá toda a parroquia, do extraordinario apetito do sobriño de D. Bernardo ...

ESCOITASE VIR A CASEIRA, NAIRDA DESAPARECE, LÉVASE O RESTO DA EMPANADA

4ºTp.Adrián imponse de administrador

A CASEIRA ENTRA CO CALDO E UVAS, SEGUIDA DO CASEIRO

ADRIAN.-Moi sabroso o xantar Señora, sinto non ter agardado polo caldo

CASEIRA.-*SORPRENDIDÍSIMA AO NON VER A EMPANADA, RISE ORGULLOSA E HISTRIONICAMENTE.* Xa sabía eu que picaría nela

ADRIAN.-*CORTANTE* Teño urxencia en percorrer as propiedades da casa. Supoño, señor Facundo, que mañá empezaran coa vendima. (...) É unha vergoña que inda estean as uvas nas cepas! Entre as avespas e os paxaros comeríanse a terceira parte da colleita!

CASEIRO.-Mire, nn se apure, aquí todo vai polo antigo e así non rexe mal(...) Son cepas vellas e hai que tratalas con mimo, o que poidan comer os paxaros e avespas gáñase na calidade, poder e fragancia do mosto. Ademáis, meu señor, a vostede que lle vai ou que lle vén?

ADRIAN.-Impórtame moito!!(...)Serei máis celoso có amo das fincas, pois viñen cumprir un mandato (...)Comigo non valen artimañas! Imos percorrer os terreos que non teño ganas de perde-lo tempo.

CASEIRO.-Mire, vaia baixando vostede a viña polo paseo central, eu deseguida o alcanzo.

ADRIÁN.- Ben, pero non tarde moito *SAE*

OS CASEIROS QUEDAN MIRANDO COMO DESAPARECE

CASEIRO.- “Pronto cansará”

CASEIRA.-“Como un señor inda novo e de rica casa, ten o pensamento de vestir roupas tan negras e longas? Xesus!! (...) E como será na confesión,

CASEIRO.- “Pronto cansará” *SAEN*

3ªESCENA:ADRIÁN COÑECE ENTORNO E VECIÑANZA DO PAZO

1ºtp-A Viña

ENTRAN POLA ESQUERDA OBSERVANDO O PAZO

ADRIAN.-É un pazo breve e perfecto pero todo está deixado de man

NAIRDA.-Ten unha indefinible gracia, cativadora e morriñenta

(OBSERVANDO A FINCA)

ADRIAN.-Incrible que esta viña con cepas tan antigas mantéñase neste val tan sombrío!

NAIRDA.-..E o xardín abandonado é un pouco tétrico

(OBSERVANDO A FONTE, LEN A SÚA INSCRIPCIÓN)

NAIRDA.-.MDCCLVIII-(1758) “Suntlacrimaererum”

ADRIÁN.-: “Hai lagrimas das cousas” (...) Quen sería o fundador do pazo e que sentimentos animarían ao Fidalgo a inscribir esta frase na fonte? (...)

NAIRDA.-Só un home de gusto e saber, ferido polo destino, puido labrar nesta agreste soedade, este retiro tan italiano e tallar esta frase

(OBSERVANDO AS CEPAS)

ADRIAN.-E estas serpeantes cepas seculares cheas de toxos e uces!! *(PROBAN AS UVAS)*
 Qué exquisitez!! (...) Uvas de viños nobres

NAIRDA SAE DE ESCENA CUN ACIO PROBANDO AS UVAS

CASEIRO.- *(ENTRA)* Que señorito! Gústalle a viña?

ADRIAN .-A cava está mal feita, vexo terróns duros, sen romper (...) As madeiras podres e por todas partes pululan as vides bravas

CASEIRO.-Xa non existen os cavadores de antes e a madeira está moi cara

ADRIAN .-...É os soutos e a carballeira de Medelo, xa non producen o bastante?!. (...) Imos velos

2ºtp Amelia

ENTRE AS CEPAS APARECE UNHA MULLER CUN BALDE NA CABEZA, ADRIAN DETIVO NELA A SÚA MIRADA, CANDO SE LLE CRUZOU POR DIANTE CON ANDARES VIVOS E GRACIOSOS

ADRIAN.-*(A FACUNDO, SEVERAMENTE)* A onde vai esa muller e con que dereito atravesa, á luz do día, unha finca privada?

MOZA.- *(BURLONA E CORDIAL)* Hai moito que pasamos por aquí os veciños das Quintás aos terreos do regato a buscar auga (...) O señorito defunto, que Dios teña na súa gloria, como era tan bó e comprendía o vivir dos labregos nunca nos dixo nada (...) De maneira que a vosa mercé é o novo administrador da Cuqueira.!? Conténtome moito de coñecelo. Mándeme e será servido *(A FACUNDO)* Pobre señorito!, Como sendo tan elegante vai cantar Misa, responsos e vivir só???

NAIRDA.-*(ENTRA COAS UVAS)* Estaste ruborizando Adrián, foi unha acometida directa

ADRIAN.- Si, sentín a súa burla na alma ,

NAIRDA.- Non foi a burla o que che doeu! Foi a dozura e simpatía do seu ton

PASOS FORTES, RAPIDOS, UNHA GRAN VOZ FAISE PRESENTE

ABADE.- *(MOI DESCOIDADO, DE PANA ORDINARIA E CO ALZA DO PESCOZO)* Meu señor D. Adrian, flor e nata do seminario! Benvido sexa vostede a esta pobre parroquia. Eu viña saudalo. Déixeme darlle unha aperta*(ABRÁZAO)* Non o coñecía *(MIRÁO, REMÍRAO)* e parece algo consumido polos estudos!

NAIRDA.-*(A ADRIÁN)* Non me gusta este tipo!

ABADE.-*(Á MOZA)* E ti, non empeces tan pronto a torcer a vocación deste home. Mira que está chamado a ser unha gloria da Igrexa. Conténtate con trastornar ós mozos das tres parroquias, o que non che impedirá ir á misa con máis frecuencia.*(RINDO)* Ou é que queres que che mande a mula para que vaias montada coma unha señora?

ADRIAN.-Que rudeza no falar! Esta muller é tan digna de respecto coma min!

A MOZA ASOMBRADA MÍRAO TENRAMENTE, CASEIRO e ABADE RÍN, ADRIÁN PERPLEXO,

NAIRDA.-Esta moza quererache sempre(...)O abade fala así polas xentes do campo e facerse complice dese mundo tolerante coa sensualidade. Nn sufras Adrián, e sobre todo nn o mostres

ADRIAN.-(*ROTUNDO*) Creo recordar señor Facundo que nos dirixíamos á carballeira de Medelo

ABADE.-Tempo terá!!. Nas sombras de Medelo aniñan os lobos. Agora vense vostede comigo a tomar o chicolate a rectoral. Señor Facundo, levareille ao señorito antes de que se agoche a lúa

SAEN. AMELIA QUEDA EMBOBADA MIRANDO COMO DESAPARECE ADRIÁN E SAE

4ª ESCENA: NA REITORAL

1º tp As armas

ENTRAN ADRIÁN E O ABADE, ESTE OBSERVA COMO ADRIÁN PÁSMASE COAS ARMAS

ABADE.-Todo isto é necesario. Vostedes, os da capital non saben os perigos que ameazan nas aldeas. Aposto que non trouxo consigo nin unha mala pistola. Na Cuqueira hainas

CHINTA.-(*ENTRA CO CHICULATE*) Estarán inútiles por falta de uso

ABADE.-O mellor é durmir cunha boa escopeta baixo a cama e cun ollo medio aberto

ADRIÁN.- Pero, señor abade, como é posible que no medio dun pobo tome vostede tantas precaucións!?. A menor alarma acudiría toda a poboación!

ABADE.-E con que armas? (...) Supoñendo que acudiran

CHINTA.- Os campesiños poden durmir tranquilos, as partidas de ladróns queren ouro, e o ouro so o posúen os fidalgos e os curas

ABADE.-Ademáis o bandido non molesta ao paisano, Apostaría que a poucas varas daquí hai finos confidentes dos ladróns

2º tp. Cotilleo dos Dubra

CHINTA.- E que lle parece a Cuqueira?

ADRIAN.-E un pazo nobre e orixinal , de fina e bonita pedra

ABADE.-Labrada con moito dispendio!!Un Dubra do século pasado, empeñouse en facer primores mediterráneos na Cuqueira, nun lugar que non loce. Debía ser un bo chalado! .

ADRIAN.-E por aquí non vén ninguén dos Dubra, dende o século pasado?

CHINTA.-Viña por tempadas longas o seu fillo don Eugenio, pero dende que faleceu, está pechada. A viuva e a filla din que por aquí non se lles perdeu nada, iso que seu esposo finou e sepultouse aquí!! (...) Xa só co patrimonio que teñen no Tambre, poderían construír ata unha catedral.

ABADE.-E para que quebrarse a cabeza con esta ribeiriña que só ten cepas vellas como o pecar, e oporse ós antigos pasos que, guste ou non, nos terreos deixados son cousas da vida

CHINTA .- Tarde ou cedo venderase!

ABADE.- E venderase ós de aquí, confabulados para impor entre todos o prezo que lles conveña, (...) non hai mais segredo e eficaz masonería ca dunha aldea unida

CHINTA.-O señor era moi cabaleiro e moi lido(...) e dado con todos, fosen eclesiásticos, señores ou paisanos (...) deixou en Souto do Río memorias moi vivas, demasiadas memorias ...demasiado vivas.....

ADRIAN.- Boeno Señor Abade, fáiseme tarde, terei que marchar

ABADE.- Acompáño, pero antes tome (*DALLE UNHA PISTOLA*) Con está dormirá máis seguro

CHINTA.-Se sente andar na ventá dispare dende a esquina, sen expor o corpo

3ºtp. Cotilleo de Amelia

Ó DISPORSE PARA SAIR, ÓENSE SUFOCOS , RISOS.....

ADRIÁN.- Quen anda por aí? Deixádevos ver as caras. Non Lembrade que estamos no mes das Benditas Ánimas!??

ABADE-CHINTA RIN GROTESCAMENTE, ELA SAE A MIRAR

ABADE.-Meu Sr D.Adrián, nn repare nas groserías da aldea. Ou cré que anda polas rúas de Auria?

CHINTA.-*VOLVE APURADA E RECOLLENDO A MESA* Ben a coñecin! É a Amelia das Quintás cun mozo da montaña, aviado vai quen se fíe das súas confianza!!

ADRIÁN IRRÍTASE

ABADE.-Non se irrite, D. Adrián , a aldea resérvalle a vostede moitas sorpresas. É máis a aparencia e o vulto cá realidade do pecado *SAEN*,

5ª ESCENA: CEA NO PAZO**1º tp As chaves do pazo**

CASEIRO E CASEIRA ESTÁN NO COMEDOR. ADRIAN ENTRA

FACUNDO.-Srto. xa está chamada a xente, mañán ben cedo, comezamos ca vendima

ADRIAN .-Agrádame oír iso, cearei e descansarei

FACUNDO.- Aquí ten as chaves do pazo (*DÁNDOLLE A MARAÑA DE CHAVES*) Esta é a da porta do corredor, esta a do salón, estas das outras habitacións, non lembro ben, e esta (*INQUISITIVO E CON AIRE DE PROTECCIÓN*) Tan retorcida debe ser da capela (*SAE*)

CASEIRA.- Meu señorito, de entrar nas salas do pazo, que sexa en compañía e de día (...) Mire eu levo moitos anos nesta casa e nunca me tentou o demo de pasar por elas, logo de porse o sol. Moito oín das fantasías e loucuras dos señores

ADRIAN .-(*COMENDO UVAS*) O que vostede me advirte, e agradézolle a boa intención, non son máis que supersticións, contos de vellas, non me asustan os fantasmas, como cristiano que son, só lle temo ao pecado

CASEIRA.-Eu son unha pobre aldeá ignorante, pero, e o señorito me perdoe, ás veces péreceme que teñen máis siso e tino os paisanos

ADRIÁN.-Non ten vostede, Filomena, curiosidade por coñecer o interior da casa onde leva a súa sombra vivindo tantos anos?(...) Mañá, pois agora é tarde, veña comigo a visitar as salas e a capela.

CASEIRA.-Nunca a filla da miña nai cruzará o umbral desa porta!! Tras ela reina Satanas e o inferno. A mesma capela esta maldita. Dende as Quintás vense luces nas ventás, e unha noite, un mozo que entrou no xardín quedou sen fala tras oír os risos dos condeados.(...) eu mesma , sentín o murmurio do fundador do Pazo o primeiro Eugenio Dubra que foi quen o construíu.

CASEIRO.- (*ENTRA SEVERAMENTE*) Muller, cando vas deixar en paz ó señorito?! El sabe o que a facer mellor cá nós. Anda, vente, inda quedan cousas que preparar para mañán. Perdóea D. Adrian! As mulleres da aldea ven o diaño en todas partes, e se soltan a lingua ninguén é capaz de contelas (*AGÁRRAA RUDAMENTE E SAE CON ELA*),

2º tp. A tentación

NAIRDA.- *ENTRA, PICOTEA NAS UVAS*, Indefinible atracción a das supersticións populares....

ADRIAN.-Son coma unha potencia evocadora e antiga ..

NAIRDA.-Si unha forza a cal, nalgún momento, atrapa aos espíritos cultivados e imaxinativos

MÍRANSE, COLLEN OS CANDÍS, E SAEN

II ACTO: SALA PROHIBIDA-AS FANTASMAS

1ª ESCENA: A HISTORIA DA CUQUEIRA

1º Tp. O cadro do fidalgo D. Eugenio I

ENTRAN, ADRIÁN-NAIRDA COA LUZ DOS CANDÍS, MIRAN, REIRAN TELARAÑAS.....

NAIRDA.-*(BURLÓN)* A casa pechada recíbete coma se foses un duque chegado en carroza (...)

ADRIÁN.-Pero non son máis cá un furtivo visitante en horas inoportunas, irrumpindo na súa enigmática soedade.

LIMPAN O SOFÁ...ILUMINAN UN "CADRO", CONTÉMPLANO

ADRIÁN.-Os ollos deste Fidalgo, mostran unha expresión velada e lonxana (...) como a presenza dunha gran enerxía doutra magnitude

O CHAN ROXE, , ADRIÁN-NAIRDA ESTREMÉCENSE

NAIRDA.- Non se verá a luz dos candís dende fora???! (..) na noite aldeá de Galicia, por solitaria que pareza, nunca faltan ollos dispostos a interpretar fantásticamente unha insinuación de luz.

ADRIÁN.-*(ASUSTADO)* Renuncio a visitar agora máis salas e baixar a capela. A propia sombra pode ser notada dende a ventá, e non quero alardear de intrépido en límites perigosos

NAIRDA.-*(EXAMINANDO A SALA CO CANDIL)* Non te enganes! O que tes son arrepiños de medo

ADRIÁN.- Mañán será un día de traballo, e agárdame a dura proba de lucir ante os suspicaces veciños o meu talento de administrador. Cando remate a vendima, adicareille a luz dun día a suscitar os recordos do pazo

NAIRDA.-*(COA LUZ DO CANDIL VÉ A BIBLIOTECA)* Mira!!

ADRIÁN.-*(ADMIRACIÓN E XÚBILOSO)* Isto é un tesouro!!! *(VAI AOS LBROS CON AVIDEZ)* Como poden estes libros permanecer intactos?!!

NAIRDA.-Tamén se extenderán a eles os terrores e prexuízos da aldea!

ADRIÁN.-*(MIRA OS LIBROS)* Teólogos, filósofos, historiadores civís e relixiosos *(COLLE UN)* E iste?!! Ed. Delfin da Bizantina, España XVIII, "Lexislación sobre xitanos" (...) Interesábanlle os xitanos!!!

NAIRDA.-*(EXAMINANDO + LIBROS)*, Incluso libros prohibidos: Rousseau, Bufón.... ***(COLLE UN)*** Aquí temos a Voltaire: "Candido, o optimista" *(LENDO)* "...o aventureiro que cre firmemente que o mundo é un paraíso"..... Toda unha tentación de lectura!!

ADRIÁN.- Como a dun lago profundo e letal (...) do que hai que apartarse!!

NAIRDA.-(*VÉ UN COFRE ,COLLEO,*) Mira, volutas e motivos pagáns inscritas no cofre. Isto pode explicar algo (*ABRE O COFRE E SACA UN MANUSCRITO*)

AS MADEIRAS CRUXEN,

NAIRDA.-(*PERCORRENDO TODO O ESPACIO COA VISTA*) Parece que o fantasma misterioso da casa empeza a manifestar a súa presenza

ADRIÁN.-(*LENDO*) “Non me importa que o aquí escrito excite admiración ou desprecio, se algún lector o atopa, pero sentiría que algún escurantista arroxase ao lume estas memorias dun Fidalgo galego, chamado a un destino extraño a súa nobreza, país e tempo ...” (*ASUSTADO MIRA A NAIRDA*)

NAIRDA.-Está redactado para ti!!! Non podes desentenderte!! O elegante fidalgo do cadro faite seu confindente, ao través do tempo

AS MADEIRAS CRUXEN

2ºTp. O Cadro toma vida

FANTASMA EUGENIO I.-Eu son Eugenio Dubra, nacín no ano 1723, na ilustre cidade de Santiago, pero foi na casa lúgubre e triste, do val que leva o noso apelido, onde me criei. Terra áspera e montés, da que lembro aquelas sestas baixo os loureiros, embebido polo seu aroma ,devoraba lecturas prohibidas e miña imaxinación voaba ao Reino do Hades , asistindo aos cultos de Plutón e Proserpina.(...)

ADRIÁN- Cultos pagáns aos deuses do inframundo ¡!!

NAIRDA.- Este debe ser o “chalado” que di o abade

FANTASMA EUGENIO I.- Isto marcou o meu destino , non exento de dignidade acrecentada por unha sombra de crimen misterioso(...) diferente a carreira do sacerdocio que o meu pai tiña proxectada para min (...) Aos 19 anos subleveime e marchei a Nápoles, de alí a Calabria, fíxenme corsario acumulando unha inmensa fortuna (...) e alá descubrín.....

3ºTp.Pola

.....a Circe, *POLA SAE TRAS DAS VIDES CUNHA CUNCA DE VIÑO* a sacerdotisa dos meus soños, encarnada nunha muller(...)co nome de Pola, embriagadora e amarga gloria da miña vida. (*ACHÉGASE A ELA*) Algo de furtivo, extraordinario e desesperado tivo sempre a nosa paixón. (*ABRÁZANSE CON PAIXON*)

FANTASMA POLA.-(*AFÁSTASE*) Víñenme con el a Galicia, e comigo trouxen as vides máis antigas de Grecia. Planteinas onde está agora a fonte, e inda abandonadas dan o mellor viño (*BEBE E DALLE A EL*)

F.EUGNIO I.-Ós labregos non lles gustaba, os fidalgos e abades tíñano por licor elaborado en diabólicas adegas. Bástame seu olor e sabor para ver nel a Pola

FANTASMA MARTÍN- *ENTRA* Debes reservar a esta muller dos círculos de amizades da túa clase, a súa presenza neles causaríate moitos problemas (*INICIA SAIDA, PÁRASE E DANDO AVOLTA*) Poderían incluso sometela a Inquisición

FANTASMA EUGENIO I.- (*RISE*) É un inestimable privilexio asustar as xentes da miña clase e faime rir moi a gusto que teñan a Pola por bruxa

F. POLA.- E todo porque coñezo o poder das plantas, do amor e da morte, da arte de evocar ou afastar as almas dos defuntos e de interrogar á Natureza (*VAISE CARA Ó FONDO ESDO. Ó CARÓN DAS MULLERES FANTASMAS*)

F.EUGENIO.-Aquela especie de culto e entusiasmo panteísta seducíanme (*VAI SENTAR*)

2ª ESCENA: COROS

1º Tp. A lanzada

FILA DE MULLERES FANTASMAS GUIADA POR POLA CRUZA O ESCENARIO.

FANTASMA-3.- Máis de 20 mulleres guiadas por ela cruzamos a pé Galicia por ásperos camiños, a tomar as nove ondas liturxicas na madrugada na que o sol baila na Praia da Lanzada

F. EUGENIO.- As mulleres da aldea respetábana e queríana, era para elas unha especie de Sacerdotisa. (...) Dende o 1º día na Cuqueira compartíu con elas esa superstición fatalista e pintoresca

2º Tp. Adelaira

ENTRAN AS DE ANTES VENDIMANDO. ESCOITANSE GRITOS

ADELAIRA.- Vaite! Sóltame !!

JEPE,.Quieta, déixate cona!!

POLA VAI POR ADELAIRA. JEPE, ESCAPA, 2 MULLERES VAN TRAS EL

FANTASMA 4.- Nos días da vendima en que Adelaira fora maltratada

ENTRA POLA CON ADELAIRA

ADELAIRA.- Que mal home! fíxome moito mal!

FANTASMA-5.-As mulleres entolecimos, asociámonos

3º Tp. Rituais

ENTRAN 2 FILAS, UNHA DE CADA LADO, NAS MANS UNHA CUNCA E UN RAMO DE FOLLAS, FAN UN CÍRCULO, BOTAN OS RAMOS NO MEDIO. LEVANTAN AS CUNCAS E DANZAN. COREOGRAFÍA

FANTASM-3-Faciamos rituais con lume, herbas e bebíamos viño novo

FANTASMA POLA.-Eu só bebía nesta cunca de barro do mosto, aínda bravo, que daban as uvas das cepas gregas, coas que falaba mentres as coidaba

4ºTp.O noxo dos homes

F. EUGENIO I.- As mulleres feridas no seu sexo, vivían pendentes de Adelaira e de vingarse de Jepe (...) A min, Pola, parecía ignorarme, (...) quizás para non manifestar un odio inesperado

ENTRAN OS HOMES FURIOSOS CON CUNCAS DE VIÑO

FANTASMA-1..- D. Eugenio, isto é intolerable!! esa italiana enfeitizou as nosas mulleres!!!

FANTASMA-2..- Abandoan os fogares de noite para ir ao bosque a danzar a facer e multiplicar os seus feitizos!

FANTASMA-1.-A rebelión das mulleres fártase deste viño novo!! (*ACHÉGALLE A CUNCA E DALLO A PROBAR*) que lles turba o cerebro e as lanza por camiños de frenesí

F. EUGENIO PROBA, XESTO DE GUSTARLLE. OS FANTASMAS XESTO DE NON GUSTARLLE

FANTASMA-2.-Mais que viño da doce Galicia parece viño criado nas faldas do Etna!

F.EUGENIO I.- (*MOI CEREMONIOSO*) Este viño procede en liña directa, das 1ª cepas que plantou Baco no Val do Tempe, nos flancos do Monte Parnaso

TRAS OILO, OS 2 FANTASMAS VOLVEN PROBALO

F.EUGENIO-I.-Eles tamén bebían(...)Parecían aterrados, o susto embargaba seus peitos peludos. Falaban con precaución da Santa Compañía.

5ºTp.A Santa Compañía

ENTRA A STA-COMPAÑÍA CON CANDEAS E CAMPANIÑAS . AS FANTASMAS ESCAPAN

F.EUGENIO.-Andaba tódalas noites(...)Nunha delas Pola saltou do leito porque dixo escoitar a Sta Compañía

POLA ENTRA CUNHA CANDEA CUBRÍNDOSE CUN MANTO, CRUZA APRESURADA, EUGENIO VAI ONDE ELA, ESTA REXEÍTAO

POLA.- Son libre!! (...) Ou é que ignoras o noso pacto?! *SAE TRALA STA.COMPAÑÍA*

FANTASMA 4.-*ENTRA CUBRÍNDOSE CUN MANTO* Nós tamén a vimos camiño da casa de Adelaira *SEGUIDA DE OUTRAS FANTASMAS MULLERES QUE CRUZAN APRESURADAMENTE*

3ª ESCENA: MORTE DE POLA

1º Tp. Mente D. Eugenio???

CAMPÁS DE DEFUNTO

F. EUGENIO I.- Na aurora do día ds defuntos, Adelaira morreu, Pola e as outras mulleres entolecidas non volveron a casa. (...) Ao carón do lume sen poder concentrarme na lectura dos meus amados libros, preguntábame, que faría na longa e medrosa noite zoada polo vento e ouveos dos lobos.

OUIDOS DOS LOBOS. GRITOS

Oín seus berros e cando cheguei xa estaba devorada polos lobos, sobre a lisa pedra que utilizaban como altar dos seus rituais, e que está no claro da frondosa carballeira de Medelo

CAMPÁS DE DEFUNTO

Presentáronse dificultades para un enterro cristián. Pero o temor a miña influencia e ao meu diñeiro permitiu que fora enterrada na Capela. Consagrei ao seu recordo a fonte da viña (...). A Natureza enteira pareceu chorar a desaparición de Pola (...)

2ª Tp. Correctione Rusticorum

FNTSM-1 -Aproxímase o día de S. Martiño, e quen lle ía dicir ao apóstolo de Galicia que, tantos séculos despois, inda persistan as feitecerías

FNTSM-2- Cos seus conxuros e formulas máxicas encantando a herba e as colleitas

FANTSM-MARTIN- Acendendo cirios na noite e ofrendas a Deusa Atenea. Contra o que escribú o famoso libro "De correctione rusticorum" *SAEN*

F. EUGENIO I.- Eu non me molesto en desmentir a xente mentres se contenten, na súa incurable misería, con murmurar entre bastidores

3º Tp. Mente as mulleres?

MULLERES FANTASMAS CRUZAN A ESCENA MURMURANDO

F-3 Sabedes??? D. Eugenio foi pai. A dama da nobreza coa que casou en Santiago, paríu un neno e tamén lle puxeron Eugénio

F-4.- O home ós 40 comete moitos erros, pero a saga continua

F-6.- Por iso abandonou a súa querida Italiana aquela noite

F-7.- Ela era unha molesta testemuña do seu pasado turbio, na nova fortuna da casa dos Dubra. Desgraciado!!!

F-5.- Deixala no bosque, atada, para que a devorasen os lobos

F-8.-Ou a matase o frío . Hai que ser fillo de Satanás para facer unha cousa así!

4ºTp. Adiós D.Eugenio

F.EUGENIO I.- *PONSE TRALO SOFA E CON MOITA SOLEMNIDADE DI:* Pola, foi para min, aquela musa descendida en tempo inoportuno, ao mundo dos mortais. DESAPARECE

LUZ BAIXA ATA ESCURO

ADRIÁN.-*COA CANDEA, INCRÉDULO E ATEMORIZADO* Isto non é real!!! Creo que estou sendo obxecto dunha broma (...) Bufff!!! Estou soñando!

4ªESCENA:FANTASMAS CASTRENSES E DO FUTURO

1ºTp. Alfonso, Lora, e Alda

ENTRAN ,TRES NENOS ILUMINÁNDOSE CON LANTERNAS . UN VESTIDO CON ROUPA DO SÉCULO XXI, AS NENAS CON ROUPA DE SÉCULOS DISTINTOS E DISTANTES NO TEMPO. ILUMINAN A ADRIÁN-NAIRDA QUE DESPAVORIDOS AGÓCHANSE INMOVIS BAIXO O SOFA SACANDO SÓ A CABEZA MIRÁNDOOS CON CARA ESPANTADA.,

ADRIÁN.- De onde saídes, raparigos?!!

NAIRDA.- Que é ese foco que tanto alumea?

ALFONSO.- Eu son Alfonso, fillo de Amelia, actual dona da Cuqueira e destas terras!

ADRIÁN.-Aaameeeelia!!??

NAIRDA.-Actual co-propietaria!!?? Peeero (...)

ADRIÁN .- E as vosas vestimentas??!!

NAIRDA.-E Tan dispares entrelas!!?

ALFONSO.-Eu veño da 1a década do século XXI exactamente ano 2009...

ADRIÁN.-Século XXI !!! (*MIRA ATÓNITO A NARDA*)

LORA.-Eu son Lora, do XVIII .

ALDA.- Eu son a máis antiga, debo vir do século X

ADRIÁN.-Isto non pode ser real!!! (...)

NIARDA.-E como estades aquí, neste pazo que inda non existía?

LORA.-O pazo non, pero o lugar si

ADRIÁN E NAIRDA MÍRANSE PERPLEXOS INCRÉDULOS

ALFONSO.- Isto NON é ciencia-ficción.

2ºTp. Vivimos na Cuqueira

SAEN BAIXO O SOFA, ALFOSO FALA ELES QUEDAN DE PÉ

ALFONSO.- (voz suave e doce) ... Esta casa ... esta biblioteca ... este lugar ... está cheo de misterios, coma as terras onde se asenta o vello pazo.

ADRIÁN.- Fantasma dun futuro descoñecido!!!! ?????

ALFONSO.- (sorrindo) Asi é. Vivín no teu futuro.

ADRIÁN.- (cavilando) En compañía de fantasmas do pasado

ALDA.- (moi pícara e sorrindo tamen) Asi é. Vivimos no teu pasado

LORA.- Na eternidade non existen espazo nin tempo,

ALFONSO.- Por iso podemos comunicarnos contigo Adrián.

ADRIÁN.- Comunicaros comigo??!! Para que??!! Que me queredes dicir?

NIARDA.- E por que aparecedes aquí ¿?!! E precisamente agora?!!

ALFONSO.- Esta é a nosa casa, Inda que ás veces estamos por Madrid

LORA.- Nós acompañámola sempre. Iso que Madrid gústame pouco.

ALDA.- A min gústame moito ir a Madrid, (BRINCANDO) E ver cousas que nunca imaxinara. É moi divertido

ALFONSO.- É facil quedar fascinado coa lectura desta novela do século XX, inspirada neste lugar, aquí e agora , na que tú, Adrián, es o protagonista

3ºTp. Fora do Tempo

ADRIÁN ASUSTADO, INCRÉDULO, CURIOSO

ADRIÁN.- Eu?!!!!

NIARDA.- E que me acontecía?

LORA.- As novelas son contos ou lendas

ALFONSO.- (REFLEXIVO, FIRMEZA) Ti es o único dono do teu destino.

ALDA.- (PICARAMENTE, XOGANDO) Pero xa estás atrapado nel, (...)

ALFONSO.- Non é casualidade que eses fíos invisibles que unen e rixen o Universo, fixeran un nó aquí na Cuqueira,

LORA.- No que agora vos e nós estamos sumerxidos fora do tempo.

4ºTp. Harry Potter

ADRIÁN-NAIRDA.-(*ESTUPEFACTOS DEÍXANSE CAER NO SOFA*) Pe-pe-pero...

ALDA.-Presta atención o que che vai contar

ADRIÁN-NAIRDA MOI ATENTOS

ALFONSO.-(*SUSPIRA*) Era a tarde de 31 de outubro,

LORA.- A noite do Samaín

ALDA.-Ou de Halloween, como lle puxeron os americanos

ADRIÁN-NAIRDA MÍRANSE INTRIGADOS

ALFONSO.- No mes no que o frío chega a estas paraxes idílicas, o sol apenas quenta e marcha durmir moi cedo (*SUSPIRA*) (...)

ALDA.-(*APROVEITA O SILENCIO E CON MOITA AVIDEZ*) Entón subiu aquí, á biblioteca, onde gardaba a súa colección de libros de Harry Potter,

LORA.- E púxose a ler, coa súa imaxinación recreaba as escenas plasmadas naquelas páxinas de cor crema.

ADRIÁN.-E quen é ese tal Harry Potter? Un amigo seu?

ALDA.-Non, é un personaxe dunha saga de novelas, famoso no mundo enteiro,

LORA.-Alda máis eu, non vivimos nese tempo Pero sabémolas todas porque nolas conta Alfonso

ALFONSO.-É un estudante de maxia nun prestixioso colexio e os trucos, nos libros de maxia sucédense sen parar. Houbo un deles que me chamou moitísimo a atención, e pensei que me convertería nun mago de verdade,

ALDA.-Pero non foi así.

ALFONSO.-E foi así, xogando, como desaparecín deste mundo no que ti aínda estás Adrián,

5ºTp.lugar enfeitizado

ADRIÁN.- Buff (...) Cantos anos tiñas, Alfonso?

ALFONSO.-Once Adrián,

NIARDA.- Moi novo para morrer,

LORA.- Coma min, pero os elexidos somos novos

ALFONSO.- Eu tiven unha vida moi curta e moi feliz aquí, por iso sigo na Cuqueira,

ALDA.-A min pásame o mesmo por iso estamos xuntos.

LORA.-Percorrer libremente o monte, sen medo a que che coman os lobos,

ALFONSO.-Desfrutar, coa miña nai escoitando a Bowie (...) Neste lugar enfeitizado está o noso fogar (...)

LORA.-Por sempre

ADRIÁN.-E tamén o de don Eugenio!

ALDA.-E de moitos máisAlgunhas noites xuntámonos todos e facemos festa

ADRIÁN ATÓNITO

ALFONSO.-E ti, Adrián es o elexido para descubrir o seu segredo.

ALFONSO, LORA E ALDA DESAPARECEN SEN MAIS

6ºTp.A proba Divina

ADRIÁN.- Esperade, agardade.....

NIARDA.- Pero que está pasando!!! ???

ADRIÁN.- Bufff!!! Estou soñando!

NIARDA.- Noon...

TÓCANSE, REVISAN A HABITACIÓN MOI EXCITADOS

NIARDA.-Será unha proba divina por ter traspasado esa porta??

ADRIÁN.- O señor distingue as almas ata na calidade das tentacións, coas que a somete a probas

NIARDA.-A tentación desta casa, seus contos e fantasías de labregos , vellos señores alucinados, nenos que chegan xuntos do futuro e do pasado

ADRIÁN.-Serei capaz de fuxir de ilusións de pecado, que calquera mente racional, non só a dun sacerdote , xulgaría estúpidos xogos de feiticaría?

NIARDA.- (...) O feito, xa está feito. Tranquilízate (...) O que tes é un medo atroz! A túa educación no seminario marcou unha liña moi definida entre o real e o fantástico, entre o sagrado e o sacrílego, e ti, agora, acabas de traspasala

ADRIÁN.-(*MOI ORGULLOSO*) Meu Deus!! Acabo de chegar A Cuqueira e xa son o dono e señor do segredo deste val do río Miño!!

NIARDA.-Prudencia Adrián, non sabes aínda o que pode aventurar o prezo dun segredo!

III ACTO: O LEGADO DE D.EUGENIO

1ª ESCENA: A VENDIMA

1ºTp. Pisando as uvas

ENTRAN O GAITEIRO TOCANDO OS HOMES E MULLERES CANTANDO,

AS MULLERES PISAN UVAS ...DIRIXIDAS POLA CASEIRA . OS HOMES NA MESA BEBENDO

2ºTp.Tumbalobos

TUMBALOBOS.-Rifaban o pan e o viño. Eu son o máis valente , dicía o viño

CASEIRO.- Si, si, eu vou diante, respondeulle o pan

TUMBALOBOS.- Que sería do mundo sen nós, os ribeiráns?, (...) Podamos, cavamos, atamos e coidamos as cepas, atendemos o soño do viño e cando está no mellor, lévano os señores para as súas mesas

CASEIRO.-Logo quería beber ti todo? Non te chega coas borracheiras que agarras dende o San Martiño a Maio?

ENTRA ADRIAN

CASEIRO.-Aquí o ten señorito, bébese en cinco meses as colleitas das catro viñas que ten, paga mal a renda e inda se queixa

TUMBALOBOS.-Para min non hai sentimento maior que cando teño que dar o último “baixo” a cuba, aquel último viño turbio cheo de fror faime chorar

CASEIRO.-Máis o sintes que cando se che morreu a muller!! Boa borracheira pillaras!! Que nin ao enterro fuches!!

TUMBALOBOS.-Digan o que digan os predicadores, o viño espanta os medos. Vai facer un ano polo Sanmartiño, saía eu dunha convidada do me compadre, e púxenme a noite (...) atravesei o río onde os trasnos estaban a montóns

ADRIÁN.- Ja, Ja Ríndose de ti, cando esvarabas!

CASEIRO.-Esvazar iste?! O mellor pescantin de sábalos do Miño!/? Non oh!!

TUMBALOBOS.-E ao entrar no Souto da Castañeda oín plantos, responsos e ata risos, e pasei de longo gracias a compañía do viño que levaba

CASEIRO.- Elle certo señorito! ...tocáronlle nun brazo e a trancas se veu libre na cima da costa

TUMBALOBOS.-Só me asustou D.Eugenio. Ben o coñecín na voz. El estimábame moito en vida “Tumbalobos” -dixo- espera, teño que facerche un encargo que sei cumpriras”. Desgarrábaseme o corazón pois sempre quixen ao señorito defunto, pero os mortos son maliciosos e escapei.

CASEIRO.- Non se lle aclarou a borracheira nin ao meterese na cama, Ao dia seguinte inda andaba dente con dente!,...

TUMBALOBOS.- E logo diredes co viño non da valentía!

CASEIRO.- E moito conto tamén!

3ºTp.Cotilleo dos lostregos

MULLER-1.- (*MALICIOSAMENTE*) Venlle da casta á Amelia andar sen medo na noite. Ten boa compañía dos condeados

PANTELAS.- (*ENTRA MATÁNDOA COA MIRADA*) Oxala tivera eu esa sorte raio!! De atopar a don Euxenio, teriamos botado xuntos unha daquelas parrafadas nosas. (*ACHÉGASE A ADRIÁN*) Gracias a Deus, vexo un señor novo de fina descendencia alegrando esta casa!

CASEIRA.-Certo é Pantelas!! Dende que o señorito entrou nela, mesmo semella que o pazo cobrara vida (*CON RINTINTÍN*)

ADRIÁN.- Gracias, pero esta casa non é miña, estarei nela poucos días.

CASEIRA.- E que tal descansou no pazo señorito?

MULLER-2.- Esta noite, o vento non parou

MULLER-3.- Batíanse as portas e as ventás que metía medo!

MULLER-4.- E vistes como brillaba o Pazo?

CASEIRA.- Como se lle caerán lóstregos no Tellado!!

CASEIRO.- (*CORTANTE*) Ti sempre coa lingua tan solta!! Menos parolar

que temos vinte cestos por vendimar antes da tardiña.!!

4ºTp. Amelia cos peixes

AMELIA.-(*ENTRA CANTANDO*) Bo día, xa levades moito feito? (*CONXELADS*)

NIARDA.- (*ENTRA*) Esa voz tan estimulante , desacouga a un tempo (...) Non haberá relación entre ela e o misterio do Pazo?

ADRIAN.- Non creo. A noto excesivamente plebea (...)

NIARDA.- Chámase Amelia (...) Igual ca nai de Alfonso

ADRIÁN.-Azar! (*MIRA A AMELIA E LOGO A EL*) Rezuma aroma campesiño

NAIRDA.-Si, un recendo sensual e atraente! Pero a túa mente encéndense no recordo de Pola, unha muller inalcanzable (...) Máis o excitante perfume do corpo de Amelia embriagache de desexo e iso asústate,

ADRIAN.- (*AFACUNDO*) Como chega tan tarde esta vendimadora?

CASEIRO.- Non perdeu o tempo señorito, ven de buscar os peixes para a comida. Debeu erguerse coas estrelas para ir pescalos. (*MOSTRA OS PEIXES*) Vinde, pasade a cociña que xa chegou o peixe

SAEN TODS PARA A COCIÑA,

5ºTp.Declaracion de Amelia

AMELIA.- *VAI ONDE ADRIÁN* Non mo negue! Pasou unha noite de medos no pazo!! Nótaselle na cara. (...) A min non me pode enganar, pero non crea por iso que son bruxa. (...)Tráigolle estas uvas dunhas cepas que xa non coñece a xente. Próbeas, faranlle ben

ADRIAN PROBA AS UVAS

AMELIA.- Son das cepas da xitana,

ADRIAN.- Xitana?

NIARDA.- De aí o interese do libro “Lexislación sobre xitanos” que está na biblioteca!!! Escoita e cala, algo hai de singular nesta moza

AMELIA.- (...) Onde ela morreu debía haber unha cruz. O que é o sangue nobre!! Creo menos crimen, se a pobre xitana a tiveran matado cun cóitelo. (...) Deixala atada para manxar dos lobos!!!! Que horror!!

ADRIAN.- Pero que xitana?

AMELIA.-Non trate de disimular D.Adrián. Era unha xitana moi fermosa e o señor do pazo que roubou os barcos cargados de ouro que viñan das Indias, cansado dela, deixouna atada no bosque para casar cunha señora da alcurnia(...)Din que era bruxa, eu non o creo (...) e inda que así fora, que importaría.? (...) Está enterrada na capela.(...) Eu sei algo sobre esa sepultura, pero só lla direi a un home cunha condición

ADRIAN.- Teu segredo interésame, cal é esa condición?

AMELIA.- Non se faga o inocente, Don Adrián! (...) A quen vai ser? Ao home que me queira de verás (...) queréndolle eu tamén

ADRIÁN.-Entón o segredo non será moito tempo gardado. Ou é que dúbidas entre tantos noivos , como dín, que tes?

AMELIA.-(*TRISTEMNTE*) Si, falan moito da Amelia das Quintás, mais non me coñecen, (...) e todo porque teño o sangue alegre e o riso fácil, pero algún día saberán que son como as demais.(...) Meu amor está moi alto (...) moi lonxe e moi preto, e non me entregarei a ningún outro

QUEDAN EN SILENCIO, ADRIAN SENTE DESEXOS DE ABRAZALA

NIARDA.- Abrázaa, estalo desexando, e ela estacho pedindo.

AMELIA.-Quere abrimme a capela do pazo a noite dos defuntos?

NIARDA.- Claro que lla vas abrir.

PANTELAS.- (*ENTRA INTERROMPENDO A CONVERSA , CUNHA COPA DE CRISTAL E UNHA CUNCA DE MADEIRA NAS MANS*).- Amelia, reclámante dentro

AMELIA SAE, ADRIÁN-NAIRDA E PANTELAS QUÉDANA MIRANDO

6ºTp.Pantelas

PANTELAS.-Ela vai ser a raiña do pazo (*OFRÉCELLE A COPA*) Beba meu señor, faramme unha alta honra, é un regalo que me fixo o señor Dubra, ninguén bebeu antes nela

ADRIÁN.-(*SABOREANDO*) E denso, doce, e moi aromático

PANTELAS.- (*BEBENDO*) A señora Dubra non sabe o que é isto!!

ADRIÁN.-É viño das cepas gregas?

PANTELAS.-Non podía ser doutras!!(...)A forza inmortal da vella casta, aparece en brotes salvaxes, ó amparo de muros sombríos(...)Así meu señor Don Adrián acontece coa Cuqueira. A cepa antiga só se conserva nun brote: a miña protexida Amelia das Quintás, filla do amor e non da conveniencia do meu defunto amo(...)O pazo será dela

NIARDA.- (*IRONICAMENTE A ADRIÁN*) Asi que plebea, eh??

ADRIÁN.- Como é posible iso, señor Xose M^a, sendo dona Eulalia, filla lexítima e única herdeira?

PANTELAS.-Canto daría dona Eulalía e súa nai a, dona Lorenza por un papel que eu sei!!. Non vacilarían ante o crime, pero eu son o rei da noite, malo de matar (*BEBE LENTOS SORBOS*) Amelia pronto cumprirá a idade esixida por expresa vontade do meu amo D. Eugenio, para facer uso del

7ºTp. A mula está a espera

CASEIRO.- (*ENTRA INTERROMPE*) Señorito, D.Lorenza mandou o aviso, espéranno ela e súa filla na Fontela, mandei preparar a mula, daqui alá inda hai un cacho *SAE*

ENTRA AMELIA SAE O PANTELAS

AMELIA.-Eu podería acompañalo, sei dun atallo para ir a pé, pero non o vou facer, ese camiño o leva onde a miña inimiga.(...) É unha muller fermosa, moito máis cá min.(...) Mais non fíe nela señorito, nn fíe!! É unha serpe do inferno. Mellor sería que non subirá a Fontela, pero ten que ser

CASEIRO.-Señorito, a mula está a espera

AMELIA QUÉDASE MIRANDO COMO MARCHA

2ª ESCENA: FIDALGAS DUBRA NA FONTELA**1ºTp. Os papeis**

DONA LORENZA REMEXENDO NOS PAPEIS

ENTRA XOANA, DONA LORENZA SEGUE COS PAPEIS SEN PRESTARLLE ATENCIÓN, XOANA DIRÍXESE CAUTELOSAMENTE A ELA, EXCITADA BÉRRALLE NO OIDO, FACENDO ASPAVENTOS

XOANA.-Dona Lorenza, está aquí o señorito Don Adrián

DONA LORENZA.-*(DESÚPETO DEIXA O QUE ESTÁ FACENDO, ATÚSASE O PELO E MOI SORRIDENTE)* Fágao pasar(...) e con educación Xoana

XOANA.Faltaria máis!! Dona Lorenza (...) Por favor pase, Reverendo señorito Don Adrián,

ENTRA ADRIAN, NAIRDA POLO MEDIO, XOANA SAE

DONA LORENZA.-Estou moi agradecida ao interese do seu tío e a súa dilixencia. Aquí *(VAI ONDE A CAIXA)* poderemos atopar os papeis da Cuqueira *REMEXEN NA CAIXA*

ENTRA EULALIA, SAÚDANSE MÍMICA,

NAIRDA.- Eulalia, é unha señorita moi distinguida, si, moi dona de se mesma, acostuada a mandar e rir. Non te turbes Adrián

EULALIA.- Podo axudar??

MÍRANSE, RÍN.... EULALÍA E ADRIÁN REMEXENDO NOS PAPEIS,

DONA LORENZA.-Cada vez que vimos a Fontela, sinto máis o aburrimiento. A aldea empobrece, embrutece e envellece!! (...) Vostede debería rematar os estudos en Santiago (...) E dígame , don Adrián, non sentíu nunca o desexo doutra carreira? (...) un home de tan boa presenza.....

EULALÍA.-Pero, mamá, inda non invitache a este cabaleiro a tomar algo?*(VAI A PORTA, BERRA)* Xoa- ana, trae unha botella de tostado con biscoitos *(COQUETA)* Sabemos o que buscamos D.Adrián?

ADRIAN.-A escritura do vínculo e herdanza d D.Eugenio Dubra, seu señor pai

NAIRDA.- Xa tiña que sábelo, por que o pregunta?,

DONA LORENZA .-E dígame Don Adrián nunca tivo vostede noiva?

NAIRDA.- A que ven esa pregunta!?!

ENTRA XOANA, INTERROMPENDO, NA BANDEXA TRAE OS BISCOITOS, E LICOR DE HERBAS, DONA. LORENZA AO VER QUE NON É VIÑO, IRRÍTASE

DONA LORENZA .-Xoana!! Que trae????!!

XOANA.- Quero agasallar a este bo mozo Don Reverendo señor Adrián, con iste Licor de herbas, que mesmamente fago eu mesma persoalmente

ADRIÁN.-Moi agradecido Xoana

XOANA.-Elle bo para todo, probe señorito probe, e colla un biscoito

EULALÍA.-(*MOI PÍCARA E BURLONA*) Probarei eu primeiro para que se anime vostede (...)Ten que acostumarse para cando reciba na súa parroquia aos señorones do país

DONA LORENZA .- Que tola estás Eulalia!!! (*COLLE A CAIXA DOS PAPEIS*) Xa busco eu eses papeis , darei con eles . Xoana acompañeme *SAEN*

2ºTp.O beixo de Eulalia

EULALÍA.-É moi fermosa a casa da Cuqueira, verdade? (...) Fáleme dela

ADRIÁN.-Ten unha misteriosa nobreza difícil de describir, arte na arquitectura e melancolía nas cepas

EULALÍA.-(*FELIZ ACARIÑA A MAN DE ADRIÁN*) Que bonito fala Don Adrián!! Ten alma de artista.(*SÓLTAA*) Eu irei ao pazo, inda que teña que escaparme!! (...) É meu!! Nunca consentirei a súa venda! (*CÓLLELLE A MAN*) Vostede ensinaramme o pazo da Cuqueira

ADRIÁN.-(*AO CONTACTO, TÚRBASE SÓLTAA*) Debo pensar en marcharme, (...) ese documento fáganmo chegar canto antes. Despídame da súa madre.

EULALÍA.-(*RETENO*) Adrián, non mo oculte vostede, sería inútil. En Souto do Río, teño unha irmá bastarda, filla do meu pai(...)Vostede o sabe. Vostede a coñece. (...) E fermosa?

ADRIAN.-Moito. Ten os ollos negros e o ton da súa voz é difícil de olvidar unha vez oído (...) Coñécese o seu sangue nobre na súa delicadeza e na elevación dos seus pensamentos

EULALÍA.-(*IRÓNICA*) Para un futuro eclesiástico non está mal a observación, senón demasiado ben.! (...) Paréceme que vostede non chegará ao altar (*DISIMULANDO SEU NOXO*) Pero a min que me importa.

ADRIAN.- Falta Eulalia a pregunta que non se atreve a formular, pero que lle contestarei inda que vostede me intimide: Amelia é moi fermosa, pero vostede é infinitamente máis

EULALÍA.- (*MOI ALAGADA, VOLVE COLLERLLE AS MÁNS*) Ohh Adrián! E vostede un poeta (...) Espéreme a tarde de tódolos santos na Cuqueira,

ADRIAN.- Veña cando queira (*SOLTA AS MÁNS*) pero a casa só pode sentirse na noite, hai nela un segredo digno de revelarse as altas horas

EULALIA.-Coñecereino na vosa compañía(*COLLE UNHA ROSA, PÍNCHASE*) Querendo ofrecerlle unha rosa, pincheime no dedo (*CHUPAO, DALLE A ROSA E BÍCAO*)

3ª ESCENA: A CAPELA

1ºTp. Os amores de Adrián

ADRIÁN e NAIRDA CO CANDIL E CANDEAS

ADRIÁN.- Que escura e fría está a capela (...)

NAIRDA.- Si, e nesta noite dos defuntos! (...) na que a percepción case material da pervivencia das almas, alumea como candeas a Galicia enteira

ACHÉGANSE A SEPULTURA

ADRIÁN.-E a raiña deste val e desta casa totalmente olvidada na noite do aniversario da súa morte

NAIRDA.-Sería difícil, inda querendo, traerlle candeas ou frores a un lugar tan apartado da xente

ADRIÁN.-(*BUSCANDO*) Sen epitafio, sen estatua, Nin un nome!, nada!!

NAIRDA.- Don Eugenio foi moi egoísta e cruel co corpo da súa amante, tería sido mais digno, seguindo os ritos dela, queimala no altar dos seus sacrificios onde a devoraron os lobos.(...) Frío ata cortar como o xeo!!

ADRIÁN.-Moi docto e moi lido pero máis valía ca el a Italiana! por moi bruxa ca considerasen (...) Sinto un odio cerval polo Fidalgo Dubra (...) Pola, só foi para el, a actriz predilecta do teatro do mundo que el veía

NAIRDA.- E dime Adrián, onde vai quedando a vocación relixiosa , dende que pisaches A Cuqueira?

ADRIÁN.-A vocación! Buff!!(...) Lonxe. Moi lonxe, Renuncio as castas recompensas do sacerdocio desexado (...)

NAIRDA.-Amelia estará a piques de chegar

ADRIÁN.- Si.(...) E Eulalia virá mañá

NAIRDA.-Que sentimentos aniñan no interior do teu “pazo” con estas mulleres???

ADRIÁN.-Ventos encontrados

NAIRDA.- *PÍCARO*) E ise teu 1º beixo a unha muller co sabor do sangue Dubra nos beizos?

ADRIÁN.- *DELEITE INCRESCENTE NO RECORDO*) A impresión do beixo foi pasando dos beizos do corpo aos beizos da alma.(...) Como unha danza de lume queimando todo ao seu paso (...) Ámoa.

NAIRDA.- (*INCRESCENTE*) E Amelia? (...) sen chegar ao beixo, namoroute tamén (...) coa sensualidade do seu corpo, a natureza e liberdade campesiña que desprende

ADRIÁN.-Amelia é o desexo

2ºTp. Pola

FANTASMA POLA.- (*APARECE TRALA TUMBA*) O que ti amas en Eulalia, cunha ambición desmedida Adrián,é este pazo e seu misterio(...) Amelia é a fruta tentadora (...) e eu son ese amor imposible da adolescencia que sempre terás contigo (*BÍCAO E DESAPARECE*)

ADRIÁN.- Haberá no mundo unha muller semellante a Pola? (...)

NAIRDA.-Iso é o que amas, o espírito de Pola!!! Unha vida libre e errante

3ºTp.Amelia

AMELIA.-*ENTRA AMELIA CO CANDIL E UN FERRO*) Boas D.Adrián, veño polo segredo que só eu sei, e veño por ti. Inda que me desprecies, seguireite. Nn serás de Eulalia. Miña irmá é unha terrible bruxa que intentou enfeitizarche. Cres estar namorado dela. Eu salvareite dela e de ser un triste cura. Ámasme , inda que non queiras confesalo

NAIRDA.-Está magnífica, sobría, non se apoia en ti, nin sequera te sorri

AMELIA.-No sepulcro está o amuleto do meu poder, do meu dereito, prendido ao pescozo da xitana que matou meu avó (...) Lucirá no meu peito ese colar de cunchas e diamantes! (...) Con este ferro levantarei a lápida da sepultura (...) Quere axudarme?

NAIRDA.-Ese colar sempre foi o seu maior desexo, antes de te ver a ti

AMELIA.-(*MOI COQUETA*) Con esas esmeraldas da xitana, estarei máis fermosa e quererásmeme para sempre Adrián. (*INTENTA ABRIR A TUMBA*)

NAIRDA.- Non te opoñas, profanará a tumba coa túa axuda ou sen ela

ADRIÁN-AMELIA LEVANTAN A LOUSA, ADRIÁN Ó VER O CADAVER RETROCEDE ATERRADO, AMELIA ILUMINA COA CANDEA O OCO E BUSCA DESESPERADAMENTE DENTRO DA TUMBA

AMELIA.-(*APESADUMBRADA*) Roubaron o colar da xitana

CHORA NO PEITO DE ADRIÁN, EL ACOÓLLEA, ACARÍÑAA E ACABA BICÁNDOA CON PAIXON

NAIRDA.-Este se que é un beixo, sen sangue nos beizos e cheo de paixón

ESCOITANSE VOCES E PASOS

NAIRDA.-Alguén se achega!!

ADRIÁN E AMELIA REACCIONAN, AFÁSTANSE, ATÚSANSE.

4ºTp.Eulalia

ENTRA EULALIA, VÉ COMO ELES, ANTE A SORPRESA, INTERCÁMBIANSE UNHA RÁPIDA E PROFUNDA MIRADA, QUE DESATAN OS CIUMES DE EULALIA

EULALIA.-Temía turbar a súa soedade D.Adrián, pero o que me temo agora e turbar a vosa compañía

ADRIÁN.-(*DISIMULO*) Que sorpresa Eulalia!! E a que se debe este adianto na visita??

EULALÍA.- “Veña cando queira -iso me dixo- pero o segredo da casa só pode revelarse as altas horas.” . Esta é a razón pola que estou aquí agora

ADRIÁN.-(*SORPRENDIDO*) E como deu coa capela?!!!

EULALIA.-Moi fácil. As portas estaban abertas e a luz viña de aquí

ADRIÁN.-....Señorita Eulalia, chega no mellor momento. Non tiña vostede curiosidade por coñecer a súa irmá por parte de pai? (...) Pois aquí a ten, Amelia das Quintás

EULALIA.-Quere vostede ofenderme? (...) Que fai nesta casa unha filla de palleiro do meu pai?

AMELIA.- Boas Eulalia, ou señorita Eulalia, como queiras. Inda que existen grandes diferencias entre nós, levamos o mesmo sangue. Senón queres que te chame irmá, dame igual. Desexaba coñecerte

EULALIA.- Faga o favor de desaparecer da miña vista!! E vostede tamén que é sen dúbida o seu amante!

NAIRDA.-(*NA ORELLA DE ADRIÁN*) É crúel e autoritaria...

ADRIÁN.- Non é xusto tratar así a unha moza digna de respeto. Amelia está aquí para esclarecer o misterio dunha marabillosa muller enterrada nesta capela fai anos

EULALIA.-Ten vostede moito sangue frío, pero a min non me gana. Esa lenda turbou momentos da miña nenez. Dín co meu avó matou a unha amante traída de lonxe, de raza extraña e moi fermosa

ADRIÁN.-Dona dun colar de lapas e diamantesa, que lle foi roubado na tumba

AMELIA.-Por iso quitamos a lousa, e no seu lugar vin este papel. Léao don Adrián, eu apenas sei

EULALIA.-Como?! (*CÓLLELE O PAPEL E O LE ELA*) “Para atender a defensa da nación, e do rei, algunhas persoas significadas desta contorna de Souto do Río , decidiron apoderarse do colar enterrado na tumba que existe na capela do pazo da Cuqueira data 2-XI-18” (*DECEPCIONADA*)

5ºTp.O saudo da morte

EULALIA RODEANDO E OBSERVANDO O OCO DA TUMBA

NAIRDA.-Sempre o dia dos defuntos, coa lembranza da nobre Pola!

EULALIA.- (*REVOLOTEANDO AO REDOR DA SEPULTURA*) É terrible a vista da sepultura. (*A AMELIA*). Es moi valente Amelia (...) Alégrome de coñecerte! (...) Din que a xitana era moi especial. Morena e fermosa coma ti! (...) Atreves a estreitarlle a man??

AMELIA.- E por que non?

AMELIA INCLÍNASE SOBRE A TUMBA, METE SEUS BRAZOS NELA,

UN RÁPIDO IMPULSO DE EULALIA, DERRIBA A LOUSA DE MARMOL SOBRE AMELIA.

EULALIA SOLTA UN GRITO TERRIBLE E BÓTASE AO PEITO DE ADRIÁN CA REXEITA, LANZÁNDOA LONXE VIOLENTAMENTE. INTENTANDO LIBERAR O CORPO DE AMELIA

6ºTp.A Veciñanza

ADRIÁN ABRAZADO A AMELIA BÍCAO E CHORA DESESPERADAMENTE

EULALIA.-Que gran desgracia!, levémola ao salón , alí se velará, cantarase nesta capela o enterro, e será sepultada aquí!

APARECE PANTELAS, NON MIRA A EULALIA, APARTA A ADRIÁN E COLLE EL O CORPO DE AMELIA

PANTELAS.-Será velada na súa casa! non aquí! (...) Inda que esta sexa súa! E ben o sabíades vos! (...) Que ninguén se opoña! (...) Só permito vir a vosa señoría, Don Adrián!. Vós celebrádeo aquí, entre vós, entre os lexítimos Dubra.

NAIRDA.- Falarás coa súa alma, revivirás seu amor e o encanto daquel único beixo interrompido SAEN

EPÍLOGO: ALCOBA DE ADRIÁN

CAMPÁS DA CATEDRAL

ENTRA ADRIÁN VESTÍNDOSE

ADRIÁN.-(*ABRINDO A FIESTRA, BALBORDO DE MERCADO*) Adriááánnn O Sol xa está nos altos!!!! (*INSPIRA PROFUNDO*) Ummm!!! Delicioso olor a pan

NAIRDA.-(*ENTRA VESTÍNDOSE, INSPIRA PROFUNDO*) Sii Adrián , Delicioso e o sol xa está nos altos! (...)

ADRIÁN FECHA A FIESTRA AXEÓNLLASE NO RECLINATORIO , NAIRDA TRAS EL OBSERVA. ENTRA AMELIA RODEAO , VAI TRAS ELA, SENTAN NO BANQUIÑO, APÉRTANSE

LUZ BAIXA..... TELÓN.....FIN